

INSTRUCCIÓN PARA MATRIMONIO CIVIL

Documentación que deberá ser achegada canda o escrito inicial:

- * **Cadanseu certificado literal de nacemento** actualizado dos/as cónxuxes. Se algún/algunha deles/as é menor de idade, deberá ademais acreditar a emancipación ou a dispensa.
- * **Certificado de empadramento individualizado** expedido polo/s concello/s nos que residiran durante os 2 últimos anos, con expresión do tempo de residencia. **(A validez deste certificado é de 3 meses).**

Para o suposto de solicitante/s estranxeiro/a ou estranxeiros/as, deberá/n este(s)/a(s) acreditar, mediante documentación legalizada, a poboación ou poboacións de residencia durante os dous últimos anos.

- * **Declaración xurada** de non existencia de impedimento por vínculo matrimonial (achegada con este xogo de impresos) e só para o solicitante de nacionalidade española.
- * **Cadansúa fotocopia** do DNI, PASAPORTE ou NIE de ambos/as os/as cónxuxes.
- * Se teñen fillos en común, deberán fornecer unha fotocopia do libro de familia.
- * No caso de querer que o matrimonio figure co réxime de **SEPARACIÓN DE BENS** deberán ir a un notario a outorgar CAPITULACIÓNS MATRIMONIAIS. Presentaranse todas as escrituras que lles entregue o Notario neste rexistro, ben coa solicitude, ou ben en calquera momento anterior á celebración da voda.
- * Se algún/algunha dos/as solicitantes está DIVORCIADO/A ou VIÚVO/A, deberá achegar unha **certificación literal de matrimonio** na que conste o divorcio ou de falecemento do cónxuxe falecido.
- * As persoas que teñan **NACIONALIDADE DISTINTA Á ESPAÑOLA** deberán achegar cadanseu CERTIFICADO DE NACEMENTO E MAIS CERTIFICADO DE ESTADO CIVIL DO PAÍS DE ORIXE debidamente legalizados ou apostilados co selo da apostila da Haia, e debidamente traducidos ao castelán por intérprete tradutor xurado (agás dos pertencentes á Comunidade Económica Europea).
- * A documentación fornecida, tanto a española como a estranxeira, non pode exceder de **6 MESES** desde a data da súa expedición ou da apostila, de ser este o caso; agás o volante de empadramento que terá unha validez de 3 meses.